



---

## GRUPO MUNICIPAL DE TEO

### **MOCIÓN PARA PROMOVER O USO DO GALEGO NO XULGADO DE PAZ DE TEO**

---

O proceso de incorporación do galego a todos os ámbitos da vida en Galiza, asumindo o seu uso como lingua propia e corrixindo os graves déficits que se arrastraban do pasado, ten avanzado en distinta medida nos diversos ámbitos da administración. Desde o BNG de Teo valoramos positivamente os esforzos que o Concello de Teo ten dado para a incorporación do seu uso administrativo, na rotulación das dependencias ou na propia imaxe pública e informativa do concello. Pretendemos seguir avanzando neste proceso e quedan moitas cousas por facer.

Un dos aspectos nos que é máis evidente o distanciamento entre a cidadanía e a administración en relación co idioma é o ámbito da xustiza. O campo de actuación do Concello con respecto a esta administración redúcese ao Xulgado de Paz de Teo, e aínda así somos conscientes das limitacións que a administración local ten. Con todo, é evidente que o Xuíz de Paz é escollido pola Corporación (e polo tanto pódense fixar criterios) e ademais existe unha evidente e necesaria relación de apoio para satisfacer certas demandas infraestruturais (de local, de fotocopias no seu momento,...)

Na actualidade o único que está en galego no Xulgado de Paz de Teo é a placa co nome, e en todo caso o idioma de comunicación cos veciños que algún ou algúns dos funcionarios poidan utilizar circunstancialmente. As notas informativas, os carteis de avisos, as comunicacións e escritos, as citacións, os cuños e selos que identifican e autentifican calquera actuación administrativa, etc., non están en galego, feito que separa a xustiza dunha realidade social en Teo ben diferenciada nese aspecto.

Consecuentemente, semella lóxico xestionar co propio Xuíz de Paz a posta en marcha dun Plan de Normalización Lingüística no Xulgado de Teo –vía convenio- que, respectando os dereitos dos funcionarios (igual que se fixo no resto das administracións), garanta tamén o dereito dos cidadáns a ter acceso a unha Xustiza en galego, moito máis no ámbito próximo e inmediato dun Xulgado de Paz.

**En consecuencia, o Grupo Municipal do BNG PROPÓN AO PLENO A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:**

- 1. Negociar e xestionar co Xuíz de Paz do Concello de Teo a posta en marcha, con carácter urgente, dun Plan de Normalización Lingüística no Xulgado de Paz de Teo que permita a progresiva galeguización de todos os aspectos relacionados coa actividade pública e de relación cos administrados, coa redacción e presentación de impresos e**

**documentos, coa rotulación de dependencias, coa publicidade de notas e avisos, coa identificación en cuños e selos, e coa progresiva incorporación no uso oral.**

**Este Plan de Normalización promoveríase desde o Concello mediante un convenio que garantise o pequeno investimento económico necesario para a posta en marcha destas medidas, nun programa progresivo a realizar a medio prazo pero de inmediato inicio.**

En Teo, a 11 de xullo de 2005

Asdo.: Rafael Sisto Edreira  
Concelleiro

**SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE TEO**